


1 Introducción e características de OwnCloud



Logo de ownCloud

By ownCloud (<http://gitorious.org/owncloud/owncloud/>), via Wikimedia Commons

- OwnCloud é unha aplicación web libre que ten como obxectivo poder implantar un almacenamento e aplicacións na nube utilizando servidores propios.
- Pretende proporcionar unha alternativa libre a servizos privativos como [Dropbox](#) ou [Google Drive](#).
- A aplicación precisa para a súa execución un servidor web (normalmente Apache), con soporte para PHP (linguaxe na que está escrita a aplicación), e un xestor de base de datos [SQLite](#), [MariaDB](#), [MySQL](#) ou [PostgreSQL](#).
- Para a distribución dos ficheiros a través da web, utiliza o protocolo [WebDAV](#).
- Entre as súas funcionalidade podemos destacar:
 - ◆ Sincronización de ficheiros cos equipos cliente (ofrece diversas aplicacións para distintos sistemas operativos cliente).
 - ◆ Compartición de ficheiros entre os usuarios de ownCloud.
 - ◆ Reprodutor de música en liña.
 - ◆ Calendario, xestión de contactos e marcadores.
 - ◆ Editor de texto en liña e visor de documentos PDF e ODF.
 - ◆ Galería de imaxes.
- Tamén permite a conexión de sistemas de almacenamento externos, que poden ser contas de [Dropbox](#) ou [Google Drive](#), conexións [FTP](#), [WebDAV](#), [CIFS](#), etc.
- Por último, unha funcionalidade moi importante para nós será a posibilidade de autenticar os usuarios sobre un servidor [LDAP](#) ou un [Directorio Activo de Windows](#) (ou un servidor [Samba4](#)).
- A seguinte imaxe mostra a uso de ownCloud dende un navegador web:



Vista do uso de ownCloud (extraída da Wikipedia)

-- Antonio de Andrés Lema e Carlos Carrión Álvarez